



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

Lugar: casa do concello

Data: 9 de setembro de 2015

Hora de comezo: 20.30 horas

Hora de remate: 23.40 horas

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros/as que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Delegación servizo de control financeiro na Deputación**
- 3. Aprobación límite de gasto 2016**
- 4. Aprobación conta xeral 2014**
- 5. Modificación ordenanza de axuda no fogar**
- 6. Mocións número 15/1715 e número 15/1716 presentadas polo grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón**
- 7. Información da alcaldía**

8. Punto urxente
9. Rogos e Preguntas.

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

O señor Canabal comeza manifestando o seu apoio ao sector lácteo e insta a tomar as medidas necesarias na defensa das súas reivindicacións.

En canto á acta anterior, só pide desculpas pola súa actuación durante dita sesión e que procurará que iso non volva suceder.

O señor Sanjuás dálle as grazas por darse conta de que actuou incorrectamente e para que, efectivamente, non volva suceder.

O señor alcalde, di que tiña previsto dicir algo pero tendo en conta que o señor Canabal pide perdón e di que non volverá suceder, xa se da por conforme.

Por unanimidade dos presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 8 de xullo de 2015

2.Delegación servizo de control financeiro na Deputación

Neste momento chega o concelleiro señor Santasmarinas Devesa.

En todos os concellos son funcións públicas necesarias as de a) secretaría , b) control, fiscalización interna da xestión económica- financeira- presupostaria, contabilidade, tesourería e recadación, correspondendo ao posto de secretaria as funcións do apartado a) e aos postos de intervención – tesourería as do apartado b).

Sen embargo, nos concellos de menos de 5.000 habitantes, tal é o caso de Boqueixón, só existe o posto de secretaría – intervención que forzosamente debe asumir as funcións que noutros casos están distribuídas entre os diferentes postos de habilitados nacionais, aínda que a responsabilidade e complicación do traballo é exactamente a mesma e os prazos de cumprimentos das diferentes funcións, tanto establecidas polas leis coma polo Ministerio de Economía e Facenda en xeral sos os mesmos.

É imposible e incoherente a existencia de administracións públicas eficaces e eficientes en todas as materias sen persoal específico e cualificado e con un único secretario/a-interventor/a que, por obriga legal, deba coñecer de todo. E a mais abundancia, cando os concellos, independentemente do número de habitantes, teñen impostos por lei a prestación de servizos dun altísimo nivel de dificultade que resulta imposible prestalos directamente e no caso de prestación indirecta, sempre ou case sempre, se ven sometidos aos criterios empresariais que si teñen un amplo coñecemento da materia, como resulta nos servizos de abastecemento e saneamento e depuración de augas.

Por isto, é totalmente necesario, polo menos, a colaboración da Deputación para a fiscalización das contas de explotación ou balances presentados por estas empresas así como para a fiscalización e mesmo para a emisión de informes económicos solicitados

por Secretaría – Intervención. Por todo isto e tendo en conta o informe favorable da secretaria-interventora así coma as bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de menos de 5.000 habitantes aprobado polas Deputación da Coruña en sesión ordinaria do 19/03/2015 e publicadas no BOP do 2 de xullo 2015, propono ao pleno a delegación dos servizos de control financeiro pola Deputación da Coruña.

A continuación o señor Canabal di que o grupo municipal de Veciñ@s, a través dos seus concelleiros ven manifestando dende hai tempo o seu desacordo co reforzamento das Deputacións Provinciais dado na última reforma da Lei de Administración Local e demais regulamentos que o Goberno do Estado vén aplicando aos concellos, co fin de afogalos primeiro, e de que desaparezan despois.

E faise, como xa se ten dito neste pleno, sen o menor rubor, e de diversas formas:

- Aprobando un plan disque de aforro e investimentos (o plan PAI da Deputación – Programa de aforro e investimentos) para que os concellos (neste caso o de Boqueixón), entren en desequilibrio orzamentario, tal e como se ten informado pola secretaria intervención na Modificación informada na Comisión de contas do pasado 28 de maio de 2015. Uns concellos que non cumpran o obxectivo de estabilidade orzamentaria, serán máis doados de eliminar.
- Outra das fórmulas empregadas e mediante convenios, como o da Central de Compras, da cal nunca soubemos máis dela. Supoño que será unha entelequia preparada para pasar a xestionar pronto moitas das competencias municipais.
- A terceira das fórmulas é a colaboración técnico – xurídica, como a que se propón neste pleno, mediante a prestación dos servizos de intervención.

Pode verse que todas as fórmulas empregadas están destinadas a un fin. En primeiro lugar, reforzar eses organismos provinciais que son empregados como niños de caciques, institucións escuras e que escapan ao control democrático. Son institucións ao dispor dos partidos políticos e das súas elites provinciais.

Aínda así, e tamén queremos dicilo, non negamos a axuda que se nos brinda para tales funcións. Mais si as formas.

Se de verdade se quixera apoiar aos concellos de menos de 5.000 habitantes, ben poderían dotar unha partida orzamentaria regular para dotar a estes concellos dun interventor, ou polo menos dun interventor compartido entre varios concellos. Isto si sería apoio.

Porén, o obxectivo non é este, é outro. O obxectivo real é o de ir “engordando” esas Deputacións, institucións autenticamente anacrónicas nos tempos que corren, ir pouco a pouco chuchando as competencias dos concellos para posteriormente matalos por inanición. E nesta estratexia non nos van a atopar, a ningún dos membros de Veciñ@s.

É por iso polo que imos abstermos da proposta presentada pola alcaldía.

O señor Fernández Munín di que o grupo municipal do Partido Popular, de acordo co programa co que se presentou ás eleccións municipais do mes de maio e que denominamos “Estratexia Boqueixón 2020”, está poñendo en marcha o seu “Plan de Modernización e Transparencia” comezando por unha reorganización da administración municipal, na que os principios de eficacia, eficiencia e austeridade, redunden nunha mellor atención os cidadáns de Boqueixón.

O pleno da Deputación da Coruña, en sesión ordinaria do día 19 de marzo de 2015 aprobou as “*Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia*” publicadas no BOP do 2 de xullo de 2015, segundo as que:

-Primeira.- “no exercicio da competencia de asistencia económica a municipios prevista no artigo 36.1.b) da Lei 7/85, de Bases de Réxime local, a Deputación Provincial da Coruña asumirá por delegación as competencias que en materia de control financeiro ostenta a Secretaría-Intervención dos concellos de menos de 5.000 habitantes, en relación coas subvencións outorgadas e contratos de xestión de servizos públicos...”.

-Sétima.- “Será de balde a actividade que abrangue a tramitación dos expedientes de control financeiro e a emisión dos correspondentes informes”.

Este grupo municipal propón a delegación das competencias de control financeiro dos servizos públicos adxudicados a empresas privadas (conservación, reparación e mantemento do alumeado público, o de axuda no fogar, o de xestión de sumidoiros e o de abastecemento de auga) e o que se pretende e conseguir unha administración pública mais eficaz e transparente, xa que ó traballo dos funcionarios municipais engadiráselle o criterio dos técnicos da Deputación que contan cunha maior especialización en cada unha das materias a fiscalizar.

Desta forma aumentamos a capacidade técnica municipal na fiscalización das contas de explotación e balances presentados polas empresas adxudicatarias dos servizos que en moitos casos son tan enrevesados e escuros que se precisa de auténticos expertos pra entendelaos e valoralos, e así poder responder axeitadamente as queixas das empresas en canto a rendibilidade dos servizos, xa que polo regular din “sempre son deficitarios pra elas”.

Si con esta medida conseguimos demostrar que os servizos adxudicados son rendibles, poderemos esixirilles melloras ou abaratamento dos mesmos ou ámbalas dúas cousas, o que repercutirá positivamente nos veciños e veciñas de Boqueixón.

O señor Canabal di que lle alegra oír agora, que os servizos públicos externalizados presentan balances escuros, porque cando el dicía isto sempre se lle achacaba de pretender ter máis coñecementos dos datos económicos que a propia empresa.

Sen máis, e tendo en conta o informe favorable de Secretaría –Intervención, procédese coa votación e coa abstención do Grupo Veciñ@s de Boqueixón e a favor do PP acórdase:

1. Delegar na Deputación Provincial da Coruña as seguintes funcións:

- a. O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas en todos os exercicios pechados, iniciándose dito control sobre as pagadas a partir do 1 de xaneiro de 2012.
- b. A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados, dos informes do control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito Público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

- c. A emisión de informes de control financeiro sobre os seguintes servizos públicos municipais, xestionados indirectamente :
- contrato do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeadado público de Boqueixón, adxudicado o 2 de novembro de 2012. Duración 4 anos.
 - contrato do servizo de axuda no fogar adxudicado o 27 de marzo de 2015. Duración 1 ano prorrogable por outro ano previo acordo do órgano de contratación.
 - contrato de xestión do servizo de sumidoiros e das fosas sépticas e mini depuradoras de augas residuais. Adxudicado o 13 de xaneiro de 2010 por un período de 10 anos e posteriormente prorrogado(en sesión plenaria celebrada o 14 de marzo de 2012) ata o 2035.
 - contrato de xestión do servizo de abastecemento de auga. Actualmente en trámite contencioso administrativo, o concello está iniciando os trámites para nova adxudicación e mentres tanto o servizo segue prestándose pola actual concesionaria.

2. Publicar este acordo no BOP, durante un prazo de 30 días hábiles para o coñecemento dos interesados e para a presentación, no seu caso, de alegación ao mesmo.

3. Considerar este acordo definitivo, no caso de non presentarse alegacións contra o mesmo.

4. Notificar, no seu momento o acordo definitivo á Deputación, mediante certificación.

3.Aprobación límite de gasto 2016

A Lei orgánica 2/2012, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, no seu artigo 12 establece que a variación do gasto computable das corporacións locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española, e no artigo 15 sinala que corresponde ó goberno establecer os obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública referidos ós tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de administracións públicas como para cada un dos seus subsectores.

En virtude do anterior, o Consello de Ministros, na súa reunión do 15 de xullo do 2015, acordou fixar para o período 2016, 2017 e 2018 e concretamente para as entidades locais, os seguintes límites de gasto (REGRA DE GASTO):

2016	2017	2018
1,8	2,2	2,6

Este límite obtense mediante a aplicación das correspondentes porcentaxes sobre o límite de gasto non exercicio anterior, polo que aínda obtendo maiores ingresos dos previstos non se poden incrementar os gastos na mesma medida, tendo que destinarse este superávit, á amortización do préstamo existente.

Tendo en conta que o límite de gasto non financeiro para o 2015 é de 1.943.903,23 €, ó aplicarlle a taxa de referencia do 2016, que é o 1,8 %, resulta que o límite de gasto financeiro para o 2016 é de 1.978.893 €.

Á vista do cal e en cumprimento do establecido na Lei orgánica 2/2012 de estabilidade presupostaria e no acordo do Consello de Ministros do 15 de xullo do 2015, propoño ó Pleno da corporación a aprobación do límite por importe de 1.978.893 €.

O señor Canabal di que “Basicamente repito as intervencións que teño feito ao respecto nos dous últimos anos:

Tiña dito que o establecemento do teito de gasto na administración local ademais da priorización dos gastos financeiros sobre os outros, demostraba unha auténtica intervención das administracións do Reino de España polos famosos homes de negro.

Dicir que a filosofía desta intervención de establecer límites de gasto non financeiro ten un obxectivo perverso, pois faise para poder acumular gasto financeiro ao servizo dos poderes fácticos”, o que é unha guerra do dogma contra as luces da razón.

Esta política é claramente “reaccionaria” e constitúe un auténtico atentado á autonomía local (proclamada tamén na Constitución).

Entramos pois nunha espiral indefinida e perversa de recortes e incrementos da presión fiscal. Unha intervención en toda regra da administración, un baleirado de competencias aos concellos e unha liquidación a medio e longo prazo.

E o dito tamén noutros puntos da orde do día, a intervención sobre os concellos pequenos, é un feito, que prexudica á maioría dos cidadáns. Priorizar o pago da débeda fronte ás necesidades dos cidadáns, aparte de pouco ético, é unha vergoña. Unha vergoña que vostedes teñen tamén recoñecido neste pleno, incluso hai algunha acta que o manifesta, mais non son capaces de denunciálo.

Baleirado de competencias polas contrarreformas da Administración Local, disposicións que atentan contra a autonomía fiscal, tamén é unha forma de atentar contra a sacrosanta constitución que vostedes proclaman. Iso si, para o que lle convén.

Noutra orde da cousa, e para demostrar o que estou dicindo. Poden ver vostedes que as leis non se votan nos concellos, simplemente se acatan. Neste caso o goberno do Estado, sabendo que a estipulación do límite de gasto incumpre preceptos básicos da lexislación local, como é a autonomía local, esixe que sexa o pleno o que vote a súa cantidade, porque deste xeito, é a institución local a que avalía a estipulación, sen posibilidade de que se poida recorrer a intromisión do Estado nas Administracións Locais.

Sobra pois dicir que votamos contra desta proposición.

O señor Munín di que “A Lei orgánica 2/2012, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, establece que a variación do gasto computable das corporacións locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española, e que corresponde ó goberno establecer os obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública referidos ós tres exercicios seguintes para o conxunto das administracións públicas.

No Consello de Ministros, do 15 de xullo de 2015 acordou fixar para o período 2016, 2017 e 2018 e concretamente para as entidades locais os seguintes límites de gasto:

2016	2017	2018
1,8	2,2	2,6

Por iso e tendo en conta que o límite de gasto non financeiro para o 2015 é de 1.943.903,23 ó aplicarlle a taxa de referencia do 2016, que é o 1,8% resulta que o límite de gasto non financeiro para o 2016 é de 1.978.893,49 euros.

Esta contía será que se vai a ter en conta para elaboración do presuposto xeral municipal do exercicio 2016”.

O señor Canabal di que as leis nunca se votaron polos concellos e neste caso trátase dun atentado contra a autonomía local e aprobándoo polo pleno facémolo legal.

O señor Munín di que é evidente pero que a lei hai que asumila.

Procédese coa votación e co voto en contra de Veciñ@s de Boqueixón e a favor do PP acórdase:

1. Aprobar o límite de gasto non financeiro do exercicio 2016 por importe de 1.978.893 €.
2. Ter en conta o referido importe na elaboración do presuposto xeral municipal para o 2016.

4.Aprobación conta xeral 2014

Na Comisión de Contas que tivo lugar o día 28 de maio de 2015, cos votos a favor dos representantes do PP e en contra, daquela do representante do PS de G e do Concelleiro non adscrito, **informouse favorablemente** a Conta Xeral 2014.

Estivo exposta ó público e non se presentaron alegacións polo que se somete á aprobación do Pleno.

A continuación o señor Canabal di que intentará ser sintético na exposición da conta xeral e a ver se é capaz. Di que segue mantendo a esperanza de que algunha vez, o equipo de goberno expoña as grandes liñas do gasto e ingresos do ano, que faga unha exposición de motivos da Conta Xeral.

Aproveito pois, segue dicindo, para deixar sobre a mesa un bo feixe de datos e reivindicacións, á espera de que dalgunha vez se comecen a facer as cousas con certa coherencia, e que a conta Xeral serva como o que realmente debe ser, é dicir, o documento que engloba as políticas públicas que se realizan na administración ao longo dun ano. Por iso é tan importante que fagamos unha valoración política.

Cando nos referimos á contención do gasto, ao incremento dos ingresos, ao equilibrio ou desequilibrio orzamentario, estamos falando de onde recortamos, en que figuras impositivas puxemos o acento para incrementar ingresos, e no conxunto destas, se nos atopamos nunha situación de equilibrio ou desequilibrio.

Mais a falta deste debate, que o PP nos furta ano a ano, é o que me fai concluír, ao mellor equivocadamente, que vostedes nin elaboran, nin seguen, nin analizan, nin miran, nin len os documentos contables como a Conta Xeral. Porque caso de que os leran, minimamente, seguro que podería existir debate.

Refróme xenericamente a tres aspectos da Conta, para amosar as súas carencias:

A memoria da Conta Xeral.

Se vemos a memoria da Conta, esta é, para comezar unha emenda completa á incoherencia e á falta de xestión deste concello. Refírome á xestión indirecta dos servizos públicos.

O número medio de empregados no exercicio, punto 1.3 é de 41 traballadores (1 traballador por cada 106 habitantes), conxugado coa prestación indirecta dos servizos. Na Conta Xeral veñen os seguintes:

Nº	SERVIZO	EMPRESA
1	SUMIDOIROS	ESPINA Y DELFÍN, SL
2	MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO	MONTAXES ELÉCTRICOS MANUEL FERNÁNDEZ
3	ABASTECIMENTO DA AUGA	ESPINA Y DELFÍN, SL
4	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	SERVICIOS Y MATERIALES, SA
5	PREVENCIÓN DEPENDENCIA	FISS CORUÑA
6	MANTEMENTO CALEFACCIÓN	ANTONIO PENA, SL
7	TANATORIO – VELATORIO	FUNERARIA CASABLANCA, SL
8	SUBMINISTRO DE GASÓLEO	ULLA OIL, SL
9	APLICACIÓN PARA O REPORTE DE INCIDENCIAS	ELABORO, INGENIERIA DEL SOFTWARE, SL
10	SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO - URBANÍSTICA	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, AS
11	CLASES DE INGLÉS	PICADILLY SCHOOL OF ENGLISH, SL
12	MANTEMENTO DE ASCENSORES	ASCENSORES ENOR, SA

Ao que habería que sumar polo menos, os seguintes:

13	ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS	ESCOLA DE FÚTBOL DE BOQUEIXÓN
14	TRATAMENTO DOS RSU	SOGAMA
15	TRATAMENTO DOS RSU	COREGAL
16	TRATAMENTO DOS RSU	L. SECOPE
17	MANTEMENTO INFORMÁTICO	COMPOSTELA DIGITAL, SL
18	XANTAR NA CASA	CONSORCIO GALEGO DE BENESTAR
19	RECADACIÓN TRIBUTARIA	DEPUTACIÓN DA CORUÑA
20	SERVIZOS XURÍDICOS	DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Normas de valoración.

Continuando pola estrutura da conta, detéñome un ano máis nas normas de Valoración. Tendo en conta os documentos, tamén cómpre precisar un dos defectos xerais dos que carece a Conta Xeral, defecto que é habitual nas contas de Boqueixón: **non se realizan amortizacións** polo que a Conta Xeral non reflicte unha imaxe fiel do concello incumpríndose polo tanto o principio xenérico de toda contabilidade.

Non é cousa nova, téño o dito, polo tanto e como sempre dicir que tanto o balance como a conta do resultado económico – patrimonial, carecen de valor algún, posto que as valoracións son feitas polo prezo de adquisición ou polo custo de produción.

O recoñecemento extraxudicial de crédito.

Un terceiro aspecto que cómpre criticar, son aqueles que teñen que ver cos acontecementos posteriores ao peche, en concreto o relativo ao recoñecemento

extraxudicial de crédito por importe de 115.828,42 € (paso de facturas do 2014 ao exercicio 2015).

Polo tanto calquera indicador orzamentario haberá que descontar deste valor.

Pouco podemos analizar da cifra do Resultado toda vez que este se comporta como un chicle, estira e encolle en función do volume dos recoñecementos extraxudiciais de crédito que vostedes aproban contra toda norma ano tras ano.

Polo tanto antes de analizar a cifra en si cómpre facer dous axustes adicionais para vernos o resultado do 2014:

-Descontar dos gastos o REC 2014, e dicir, os gastos do ano 2013 que foron cargados ao orzamento do 2014.

-Sumar o REC 2015, é dicir, aqueles gastos do ano 2014, que por non haber consignación orzamentaria se pasaron ao exercicio 2015.

Deste xeito e este ano o resultado orzamentario sería menor.

Trátanse pois de tres aspectos xenéricos que impiden facer unha análise rigorosa desta Conta Xeral

Análise dos ingresos.

Polo lado dos ingresos facía unha consideración no correspondente ao exercicio 2011, no relativo a aqueles ingresos por actividades deportivas, ociotecas... que estaban ingresadas por persoal do concello (Pascual, Barrio...) e que non se sabían a quen nin a cantidade individual á que correspondían. E aínda que se fixéron avances neste senso, á hora de xustificar estes ingresos, os ingresos que non son das entidades financeiras, seguen aparecendo nunha listaxe feita á man, sen existir matrices de ningún tipo, e sen ter un control nominativo real. E isto non pode ser.

Tampouco se xustifica o selo municipal, aparecendo só ingresos no banco. En canto a esta taxa levo tamén anos reclamando que se elimine, non sei se este ano terei un pouco máis de sorte.

Análise dos gastos.

1.- Electricidade.

Se queremos saber cales foron os consumo enerxéticos do Concello, conta económica 221.00, os pagos do 2014 ascenden a 257.660,84 €, mais é moi difícil, sen analizar as facturas unha por unha, precisar cales corresponden ao 2014 e cales ao 2013. Se isto fora pouco, hai que ter en conta despois os distintos recoñecementos extraxudiciais de créditos do ano 2015, para obter unha cifra final.

Conclusión: Podo preguntarlle ao equipo de goberno canto se gasta por luz e os distintos centros (alumeado público, centros públicos, abastecemento de auga...)?

O que parece unha pregunta trivial, de contestación inmediata, pode converterse en varios días de traballo.

Rétoos pois a que me pasen unha contía final deste concepto.

Responde o señor alcalde que ten solicitado un informe do cal se lle dará traslado.

2.- Investimentos.

A cifra total de pagos correspondentes ao exercicio 2014 é de 533.273,26 € (Obradoiro de Emprego incluídos), desagregados:

-78.525,07 € correspondentes ao exercicio 2013 pagados no exercicio 2014.

-454.748,19 € correspondentes ao propio exercicio.

Tendo en conta os datos do orzamento para 2014, o investimento ascendía a 696.032,20 €:

-O grao de execución orzamentaria 2014 foi do 65,33%, sen ter unha explicación de por que non se executou o 35% restante.

3.- Carburantes:

Xa temos dito que nos parecían excesivos os consumos de carburantes, dá a sensación de que existe pouco control sobre o consumo, e por outro lado non están imputados aos distintos programas de gastos.

A contía para o ano 2014 foi de 46.013,19 €.

4.- Escola infantil.

Pese a que anualmente se fai un balance do custo deste servizo vemos que en canto aos gastos, non se imputan dun xeito correcto.

A conta 221.05 é a que está dedicada aos produtos alimenticios, onde deberan imputarse os consumos por alimentación da "escola infantil".

Porén se repasamos a Conta Xeral, vemos o seguinte:

-221.05: Só están imputados os consumos por alimentación do mes de decembro de 2013, e imputados correctamente no 2013.

-Os subministros do ano 2014 impútanse á conta 221.99 como outros subministros.

-Falta unha factura correspondente ao mes de decembro 2014, e visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para o 2015, tampouco atopamos esta factura.

(Feitas as oportunas comprobacións conséntase a existencia e aboamento da factura número 625 do 30 de decembro do 2014, rexistro de entrada número 15/45, do 13 de xaneiro, aboado o 13 de febreiro, por importe de 217,20 € a Vázquez Fernández María del Carmen, por produtos alimenticios "escola infantil")

5.- Correos.

Atopamos facturas de correos imputadas a distintas contas:

-Á conta 220.01 (Prensa, revistas, libros e outras publicacións) por importe de 1.243,00 €.

-Á conta 222.00 (Servizos de Telecomunicacións) por importe de 1.451,46 €.

-Á conta 222.01 (Servizos de Telecomunicacións – Postais) por importe de 241,35 €.

Debera ser esta última a que se empregara, e en todo caso, empregarse unha única durante todo o exercicio.

Ademais disto, e como veño preguntando todos os anos, non se entende que o concello pague o servizo telefónico de correos.

6.- Devolución de subvencións.

A mala xestión tamén ten o seu reflexo na Conta Xeral, neste caso en forma de devolución de subvencións correspondentes ao ano 2009.

- Subvención de acondicionamento de centros sociais do concello: 751,67 €.
- Plan de programación de tempo para conciliación de vida laboral e familiar 2009: 5.715,54 €.
- Subvención Programa Grumir 2009: 10.563,73 €.

7.- Pagos a Abanca, SA:

Analizando este fornecedor, temos uns pagos conxuntos do Concello ao longo de 2014 por importe de 226.463,66 €, distribuídos:

- 310.00 Xuros do Préstamo: 10.518,08 €.
- 359.00 Outros gastos financeiros: 908,06 €.
- 913.00 Amortización Préstamo: 214.776,52 €.

Neste caso chama a atención o incremento dos outros gastos financeiros, é dicir, a cantidade que Abanca cobra pola xestión de cobros. Empezou no pasado ano, e neste ano 2015, a xestión de cobros está a ser unha sangría para o concello.

Por outro lado, dicir tamén que os custos da xestión de cobros, non é un gasto financeiro, polo que a súa anotación debera levarse á conta 227 (Traballos realizados por outras empresas e profesionais), concretamente á partida 227.08 Servizos de recadación a favor da entidade. Tan é así, que estes cargos deberan ir anotados co seu IVE correspondente.

Responde o señor alcalde que ten falado co director e van efectuar un estudo e logo xa se verá o que procede.

En canto á contabilización, responde a Secretaria que se comprobará e procederase coa modificación que proceda, se procede.

8.- Fornecedores varios.

Neste apartado quixeramos traer algúns provedores curiosos, é dicir, que nos chaman a atención:

-Talleres González: Pese a que o seu administrador é concelleiro (polo tanto impídelle contratar coa administración), hai un cargo de 1235,94 €. Isto é claramente, ilegal.

O señor González Barral responde que si se facturou é porque se fixo o traballo de reparación

-El Roble derivados del Hormigón e Rendo Facorro: Chama a atención que sen ningún tipo de licitación, contrato, etc. o concello de Boqueixón teña pagos ao longo do 2014 por importe de 23.003,61 € en conceptos varios de Materiais de Construción, cando esta empresa é da nai dunha ex-concelleira do PP. E chama tamén a atención, que o concello só facture con estas dúas empresas e con ningunha outra.

-Marbe Hispania, SL: Chama a atención esta empresa por dous motivos: En primeiro lugar, o volume de facturación para o 2014 co concello foi de 12.036,85 € en concepto de formigón para unha cantidade de obras municipais, imputadas á partida económica 212 “*Edificios e outras construcións*”, é dicir, gasto corrente. Por outro lado temos un pago reflectido de 3.649,30 € nas beirarrúas da Corna, obra do POS, onde non vimos ningún modificado de proxecto, polo que teremos que informarnos, posto que 3.649,30 € traducidos a formigón, son moitos metros cúbicos.

Responde, respecto ó POS, o señor Sanjuás que iso xa foi explicado noutro pleno.

Di o señor Canabal que non lle convenceu a súa resposta anterior.

Di o señor Sanjuás que foi unha ampliación que conta co permiso de estradas e responde o señor Canabal que segue sen convencerlle.

Conclusiones

A conta Xeral 2014 recolle os seguintes aspectos:

-O Incremento bestial da presión fiscal. Miren o apartado das fontes de financiamento e fagan comparacións dos últimos anos e compróbeno.

-O despedido do persoal do concello e a precarización dos servizos públicos municipais, xunto coa perda de autonomía financeira imposta polas leis retrógradas do goberno do Estado, fai que exista unha limitación legislativa do gasto e do investimento, e polo tanto unha limitación á hora de poder decidir os centros de gastos.

É dicir, e para sermos claros:

-Nestes últimos anos os veciños están a pagar a crise das arcas municipais en modo de incremento dos impostos e taxas (pregunten polos incrementos no IBI, no IVTM, polo saneamento, pola auga...).

-E paralelamente, o Goberno do Estado dita leis retrógradas para que os concellos teñan que despedir persoal, teñan que deixar de prestar servizos ou prestalos en precario...

Así pois, a raíz do dito:

-Queda pois aínda moito por mellorar na xestión.

-Ven que ao longo da intervención fixen referencia a multitude de cuestións, cuestións que de seguro quedarán un ano máis sen resposta. Cuestións que por outro lado teño feito, moitas delas, nos últimos anos.

-Ven tamén que a conta recolle algunhas cuestións irregulares senón ilegais. Pese a isto, non dan réplica, e ademais apróbana sen ningún tipo de manifestación.

-Tampouco parece que exista respostas ás demandas que nos teñen feito os veciños; taxas certamente abusivas como o caso da auga, e incrementadas moi significativamente caso do SAD, que prestan empresas dun xeito claramente ineficiente tanto para as arcas municipais, como para os propios usuarios.

-Un ano máis, parece que se furta o debate do análise das políticas públicas que recolle a actual Conta Xeral. Esperemos que polo menos tomen nota das cuestións expostas para poñerlle solucións en vindeiros anos.

-Loxicamente o voto será negativo posto que non apoiamos a forma de levar este concello. Un concello caro e ineficiente, con 41 traballadores e a maioría dos servizos externalizados en empresas.

Dixen”.

A continuación o señor Fernández Munín di o seguinte:

“O grupo municipal do Partido Popular, vai a votar a favor da aprobación da Conta Xeral do exercicio 2014, sen afondar na desagregación das partidas da mesma, pois este xa foi feito no seu momento polos membros da oposición que votaron en contra da mesma, e a maior parte dos membros do noso grupo *“estamos moi verdes en contabilidade e moito mais na das Administracións Públicas”* e non dispuxemos do tempo nin dos coñecementos necesarios pra verificar que as conclusións que foron expostas por vostedes sexan correctas ou non.

O concello cumpriu o obxectivo de estabilidade presupostaria, a regra de gasto, así como o límite de débeda, polo que non temos motivos para non votar a favor da aprobación da mesma.

Nesta nova lexislatura que acabamos de comezar imos a procurar que todas esas carencias na xestión dos gastos reflectidas por vostedes, sexan emendadas pra que cando sexa presentada a Conta Xeral dos seguintes exercicios sexa “bendecida” pola unanimidade do pleno.

Sen máis procédese coa votación e cos votos en contra do grupo Veciñ@s e a favor do PP apróbese a Conta Xeral 2014.

5.Modificación ordenanza de axuda no fogar

Na sesión plenaria que tivo lugar o 11 de marzo de 2015 aprobouse a modificación da Ordenanza fiscal do servizo de axuda no fogar do Concello de Boqueixón.

Nos antecedentes deste acordo especificábase os prezos por hora de servizo, con base no establecido no prego de cláusulas administrativas para a contratación do servizo (13,48€/h, IVE excluído, para as horas prestadas en días laborables e sábados pola mañá e 14,25 €/h, IVE excluído, para as horas prestadas os sábados pola tarde, domingos e festivos).

Non obstante, por erro no acordo de modificación da dita ordenanza estableceuse no artigo 5º (Cota tributaria), apartado 2, en 13,48 € o prezo para os días laborables e 14,25 € para os domingos e festivos. Consecuentemente é necesario corrixir este erro, polo que se propón ao Pleno dita corrección.

O señor Canabal, di que se debe eliminar a frase IVE excluído porque a taxa non ten IVE.

Explica a secretaria – interventora que a empresa si factura con IVE, o 10% en libre concorrancia e o 4% en dependencia, e o concello ten que aboárllelo. Diferente é o prezo que aboan os usuarios, que obviamente non ten IVE, pero o concello si o aboa á empresa que presta o servizo. Así se inclúe nas cláusula segunda do contrato:

Libre concorrancia:	Prezo ordinario	13,48 €/h + 10% IVE
	Prezo extraordinario	14,25 €/h + 10% IVE
Servizo dependencia:	Prezo ordinario	13,48 €/h + 4% IVE
	Prezo extraordinario	14,25 €/h + 4% IVE

Así mesmo, no prego de cláusulas para licitación prevíase, na cláusula número 5 o tipo de licitación: 13,48 €/h IVE excluído e 14,25 €/h IVE excluído.

Por outro lado, débese aclarar que non se trata dunha taxa, senón dun prezo público. (Polo que a proposta de acordo, tal como está redactado é correcta).

Procédese coa votación e cos votos en contra de Veciñ@s e a favor do PP acórdase:

1. Modificar o artigo 5.2 da ordenanza fiscal do servizo de axuda no fogar do concello de Boqueixón, de forma que onde di “establécese o prezo da hora en 13,48 € para os días laborais e 14,25 € para os domingos e festivos” debe dicir “establécese o prezo da

hora en 13,48 €, IVE excluído, para os días laborables e sábados pola mañá e en 14,25 €, IVE excluído, para os sábados pola tarde, domingos e festivos”.

2. Publicar este acordo no BOP e no taboleiro de edictos e na páxina web do concello, durante 30 días e considerase o acordo definitivamente adoptado no caso da non presentación de alegacións ou reclamacións.

6.Mocións número 15/1715 e número 15/1716 presentadas polo grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón

A) Moción número 15/1715, sobre a crise migratoria e de refuxiados

Defendida pola señora Soutullo Carolo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos primeiros seis meses deste ano máis de 400.000 persoas solicitaron asilo nos países europeos. Cada día, 3.000 persoas intentan cruzar as fronteiras de Europa. Mentres se constrúen muros e se endurecen os sistemas fronteirizos a poboación continúa fuxindo de conflitos bélicos que poñen en risco a súa vida e a das súas familias. Non hai muros que poidan frear o dereito das persoas a atopar un sitio seguro onde vivir.

A maioría destas persoas foxen de países como Siria, Eritrea ou Afganistán onde a súa vida corre serio perigo por mor de conflitos armados moi violentos. O caso máis grave é o de Siria; un terzo dos homes, mulleres e nenos que chegan por mar a Italia e Grecia proceden deste país do que xa fuxiron máis de 4 millóns de persoas. Debido a isto ACNUR refírese a situación como unha crise fundamentalmente de refuxiados.

A perda de vidas das persoas que foxen é dramática. Os datos oficiais contabilizan 3.500 mortes en 2014 e case 2.000 no que levamos de ano. Iso sen contar as mortes daquelas persoas que, debido ás circunstancias nas que se producen, non son recollidas polas estatísticas. Estanse perdendo miles de vidas ante unha Europa que mira para outro lado cando se trata de protexer ás persoas migrantes, refuxiadas e solicitantes de asilo. Unha Europa que está incumprindo sistematicamente os convenios internacionais asumidos nesta eido e que se afasta cada vez máis dos seus valores fundacionais.

A maioría das persoas que están chegando ás fronteiras europeas foxen de conflitos bélicos e temen pola súa vida. É obriga da UE cumprir a Convención dos Refuxiados de 1951 e as directivas e regulamentos europeos que protexen ás persoas que solicitan asilo.

A resposta de Europa e de España, moi lonxe da obriga legal de protexer ás persoas. O pasado mes de maio, Europa substituíu a súa Operación Mare Nostrum (destinada ao rescate de persoas) pola Operación Tritón unha misión “civil e militar” cuxo obxectivo é o control das fronteiras e combater mafias de inmigración ilegal. Esta decisión supuxo unha preocupante militarización da zona que pode derivar en conflitos aínda máis complexos con graves consecuencias para as persoas que buscan refuxio. A situación converteuse nun círculo vicioso: en lugar de protexer ás vítimas optouse por bloquear as fronteiras e aumentar os controis. Isto fixo que se incrementase o negocio das mafias (que á súa vez son utilizadas como obxectivo das actuacións políticas que as combaten en primeira instancia) en lugar de atallar as causas que provocan a crise humanitaria.

Por outra banda, a Unión Europea fracasou no seu intento de realizar un reparto de 40.000 persoas refuxiadas entre os países membros de acordo a criterios económicos e demográficos. (A cifra, comparada ao número de persoas susceptibles de ser consideradas refuxiadas, era irrisoria e está completamente lonxe da realidade e necesidades presentes e futuras).

España ofreceu acoller tan só a 1.300 das 4.300 persoas refuxiadas que lle terían correspondido. A vicepresidenta do goberno, Sáez de Santamaría, advertiu que o goberno non vai ampliar o seu compromiso porque “a capacidade de acollida de refuxiados está saturada pola inmigración”. As declaracións de Rajoy sobre este asunto tamén eluden a responsabilidade que debería asumir ante a peor crise humanitaria en décadas.

Máis aló de analizar si o sistema do reparto é o máis adecuado para facer fronte a unha crise de tal complexidade e dimensións, vale a pena recordar e comparar a poboación refuxiada que acollen países con menos recursos para atender á poboación refuxiada moi inferiores aos da Unión Europea. O caso de máis impacto é Líbano, onde a poboación siria refuxiada alcanza 1,1 millóns, o que supón 50 veces máis que a poboación acollida por toda Europa e un cuarto da poboación libanesa total. Líbano si se atopa nunha situación límite; España, non.

Segundo os últimos datos de CEAR, España recibe tan só un 0,9% das solicitudes de asilo en Europa. Este ano, segundo as cifras de Eurostat, España só admitiu o 20% das 3.800 solicitudes de asilo recibidas.

Datos que desmontan os discursos xenófobos

Asistimos tamén a un crecente discurso tendencioso e xenófobo sobre esta crise humanitaria que, aínda sendo contrarrestado desde organizacións da sociedade civil, pode chegar a ser extremadamente perigoso nun momento no que o que se require é potenciar os valores solidarios e a cooperación entre os pobos como ferramentas para garantir a convivencia. A sociedade europea está demostrando xa a súa solidariedade con quen chega ás nosas fronteiras e son xa moitas as propostas cidadás que en toda Europa ofrecen acoller ás persoas refuxiadas.

Mentres tanto, desde algúns sectores políticos afirmouse que realizar rescates no Mediterráneo pode supoñer un efecto chamada ou que quen chegan ás nosas fronteiras son unha “praga”.

Sen embargo, demostrouse que as persoas seguen chegando ata en ocasións nas que as operacións de auxilio diminuíron. Cando alguén se ve obrigado a iniciar unha viaxe de tales características (sen alternativa), a existencia ou non dun barco de rescate non condiciona a súa decisión.

En canto a entender a chegada destas persoas migrantes e refuxiadas como unha invasión ou unha “praga”, cabe sinalar que este colectivo supón apenas o 0,027% da poboación europea. Por outra banda, non podemos perder de vista que a migración contribúe ao enriquecemento dos nosos países tanto económica como social e culturalmente.

A urxencia de accións que protexan ás persoas

Antonio Guterres, Alto Comisionado de Nacións Unidas para os Refuxiados, recordaba recentemente que “Europa ten unha clara responsabilidade de axudar a quen buscan protección da guerra e da persecución. Negar esta responsabilidade é ameazar os alicerces sobre os que se construíu con tanto esforzo o sistema humanitario Europeo”. Eludir as responsabilidades ante unha crise humanitaria de tales dimensións, mostraría

unha Europa que despreza profundamente os seus valores fundacionais de solidariedade entre os pobos e respecto polos dereitos humanos.

O Grupo Municipal de Veciñ@s sabe que a situación é moi complexa e son moitos os factores que hai que ter en conta ante esta crise humanitaria. Non pretendemos pois ser oportunistas nin demagogos, simplemente queremos chamar a atención deste drama, que como humanos, debe afectarnos a todos, e entre todos, teremos que ser capaces de paliar os seus devastadores efectos. E dicimos, TODOS. Todos os cidadáns, e o conxunto das Administracións debemos camiñar xuntos e tomar todas aquelas medidas necesarias e urxentes tendentes a protexer ás miles de persoas que chegan ás nosas fronteiras, e a tentar paliar tamén os conflitos nos países de orixe.

É por iso, que tendo en conta a urxencia humanitaria desta crise, sometemos ao pleno da corporación de Boqueixón, a adopción dos seguintes acordos:

1. O Concello de Boqueixón esixe á UE e aos distintos gobernos estatais que:

-Se cumpran os convenios internacionais e as directivas e regulamentos europeos en materia de asilo e refuxio.

-Se abran rutas legais e seguras para evitar que as persoas que foxen do conflito e persecución se vexan obrigadas a realizar viaxes tan perigosas.

-Se garantan sistemas axeitados de acollida para a poboación refuxiada.

-Se respecten os dereitos humanos nas fronteiras e se protexan ás persoas.

-Se garanta a Axuda Humanitaria baixo os principios de neutralidade, imparcialidade e independencia.

-Se reforcen as operacións de procura e salvamento humanitario no Mediterráneo e o Egeo.

-Se descarte a idea de cooperar con países que violan dereitos humanos para que restrinxan os fluxos migratorios cara á Unión Europea.

-Se garantan políticas comerciais, económicas e diplomáticas que respecten os dereitos humanos e respecten os recursos locais.

-Se cumpran rigorosamente co Tratado de Comercio de Armas.

-Se garanta a que as empresas transnacionais non esquilman os recursos do continente e cumpren as leis de transparencia e fiscalidade de xeito que non saía dos países africanos en forma de evasión de impostos cantidades que superan amplamente as partidas de axuda oficial ao desenvolvemento.

-Se adopten medidas coherentes para loitar contra a desigualdade, reducir a pobreza e previr os conflitos armados nas zonas de orixe.

-Se recuperen os fondos da política de cooperación ao desenvolvemento, cun compromiso de alcanzar o 0.4% na próxima lexislatura, como forma de contribuír a mellora das condicións de vida nos países de orixe.

2. O Concello de Boqueixón, como institución pública comprometida cos dereitos humanos e a cooperación ao desenvolvemento, destinará un fondo do 0,4% do orzamento anual a estas políticas de cooperación, ao fin de contribuír á mellora das condicións de vida nos países de orixe.

3. Ante a crise humanitaria e urxente pola que están a atravesar miles e miles de persoas, o concello de forma urxente:

-Pon a disposición do Ministerio de Asuntos Exteriores as instalacións municipais ao fin de que poidan atender a chegada destas persoas migrantes e refuxiadas.

-Xestionará coa Consellaría do Medio Rural a posibilidade de empregar parte das súas instalacións no Pazo de Quián (se for posible), para acoller e atender a chegada de persoas migrantes e refuxiadas.

-O Concello de Boqueixón, atendendo ás súas posibilidades orzamentarias actuais, dotará un fondo de urxencia con cargo aos orzamentos do presente ano, para destinalo a paliar esta crise humanitaria”.

O señor alcalde di que nin os membros da corporación nin os veciños/as deben ser alleos a este problema. Que debe existir consenso entre todos e que proximamente se vai presentar un programa que se executará desde Servizos Sociais.

Poderase crear un rexistro de familias acolledoras e mesmo instrumentar un programa de voluntariado.

Apoiamos esta moción , segue dicindo o señor alcalde. Unicamente dubidamos do apartado 2º. Por outro lado do presuposto 2015 procuraremos destinar unha partida de 3.000 €, aproximadamente.

A señora Soutullo di que o 0,4% é unha recomendación e pregunta a que se destinará.

Responde o señor alcalde, que de momento non o ten claro, pero algo se destinará para algunha familia que se poida acoller...Segue dicindo o alcalde que aproban a moción si se retira o apartado 2º.

Finalmente, a señora Soutullo acepta retirar o apartado 2º e consecuentemente, por unanimidade apróbase a moción 15/1715 presentada polo grupo municipal Veciñ@s sobre a crise migratoria e de refuxiados, coa exclusión do referido apartado 2.

B) Moción número 15/1716, sobre priorización de obras e plan POS 2016

Defendida polo señor Barcala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Maioría dos membros do Grupo Municipal de Veciñ@s levamos solicitando ao longo dos últimos anos unha selección clara de prioridades á hora de acometer os distintos investimentos públicos, que nos vaian algo máis aló do rego e rebacheo constante das pistas municipais.

Somos conscientes por outra banda que a política austericida levada a cabo polo Goberno do Partido Popular, non só afectou aos sectores básicos de ensino, servizos sociais e sanidade, senón que tamén se cebou profundamente coas institucións municipais. E Boqueixón non foi unha excepción, vendo como ano tras ano foron caendo os orzamentos deste concello, froito sobre todo, da baixada de transferencias correntes e de capital tanto do Estado (a través das Deputacións Provinciais), como do Estado (a través dos recortes aplicados á Xunta de Galicia).

É por iso que cada vez temos que ser máis selectivos nas obras a acometer, tentando que estas maximicen a utilidade xeral da poboación, e sexan de interese xeral.

É por iso, que tendo en conta a exposición de motivos, sometemos ao pleno da corporación de Boqueixón, a adopción dos seguintes acordos:

1. O Pleno da Corporación someterá a debate as priorizacións sobre os investimentos a acometer no concello de Boqueixón no presente mandato, ao

longo do primeiro semestre de 2016, dando trámite de audiencia aos distintos movementos veciñais e políticos do concello para que poidan facer as súas achegas.

2. O Concello de Boqueixón, por ser factor vertebrador do noso concello, incluírá no POS de 2016 a aglomeración da estrada municipal a Lavacolla no seu tramo final, así como o inicio da aglomeración da estrada municipal de Vila (Ledesma) a Codeso por Noente, Santa Mariña e Donas (ademais de ser unha vía vertebradora para os veciños do sur do Concello, é unha vía pola que pasa o transporte escolar).
3. En aras a unha vella reivindicación dos veciños de Lamas e Vigo (en especial os do Outeiro), o concello buscará unha solución á perigosidade da estrada municipal de Rodiño a Lavacolla ao seu paso polo Outeiro.

Di o señor alcalde que lle parece razoable e que coincide ó 100 % cos criterios do seu grupo e que ademais está contemplado no seu “plan de estradas” (de Lestedo-A Granxa-Boqueixón; de Gastrar-Vigo-Lamas (Alto do Rubio); Lestedo-Sergude-Loureda (aeroporto); de Ledesma-Sucira-Donas-Codeso) pois é un obxectivo co que todos están de acordo.

O señor Barcala di que se lles ten criticado porque, dicían, que non aportaban nada, e agora si se ve que fan achegas.

Por unanimidade apróbase a moción número 15/1716 presentada polo grupo Veciñ@s sobre priorización de obras e plan POS 2016.

7. Información da alcaldía

Danse conta dos decretos habidos desde o 06/07/2015 ata o 04/09/2015, dos cales se dan por informados.

8. Punto urxente

Motivase a urxencia da inclusión deste punto na orde do día porque o prazo de resolución é de un mes, dende a data de presentación do recurso, e non se ten previsto realizar outra sesión plenaria antes de que transcorra o mes. Non se incluíu na orde do día porque tivo entrada o mesmo día da celebración da convocatoria, non cumprindo o establecido polo artigo 177.2 do regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico .

Antes de votar a urxencia o señor Canabal di o seguinte:

“Neste punto teño que dicir que non puiden analizar os informes deste asunto. Chegado este punto ás 15.00 h de hoxe, paréceme unha boutada que se presente para este Pleno sen poder facer unha análise concreta da estipulación.

Votamos a favor da urxencia, porque non queremos furtar os debates, pero advertimos que as formas disto non nos gustan. Se non hai pleno no vindeiro mes, non é a nosa responsabilidade, e pensamos que se podería tomar decisións para poder analizar esta proposta.

Ao fin votamos en contra do acordo por non estar de acordo coa argumentación e por non ter tempo de facer unha análise da resolución da impugnación que presentamos.”

Por unanimidade apróbase a urxencia deste punto e a súa inclusión na orde do día.

Consta no expediente o informe favorable de Secretaría-Intervención en relación co aboamento das facturas que máis adiante se sinalan.

En primeiro lugar di o señor alcalde que non se incluíu na orde do día porque foi presentado o mesmo día da convocatoria e o prazo para resolvelo é de un mes. Segue dicindo o señor alcalde que a partires de agora haberá un protocolo de actuacións para a total claridade e transparencia.

O señor Canabal pide que se cumpra a legalidade.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra de Veciñ@s, e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

1.- O Pleno celebrado o 8 de xullo de 2015 acordou aprobar e aboar as facturas de Montaxes Eléctricos Fernández, SL seguintes:

- ✓ Número 1102 emitida o 30/05/2015 pola colocación dun farol ornamental en Lestedo o día 28/02/2013 por importe: 1.484,18 €
- ✓ Número 1103 emitida o 30/05/2015 pola luminaria e columna rotas en Rodiño o día 30/06/2013 por importe de 1.694,49 €.

Así mesmo, comunícaselle a Montaxes Eléctricos Fernández que, debido a que a data do devengo é superior a un ano, a empresa perde o dereito á repercusión do IVE, tal como así establece o artigo 88.4 da Lei 37/92 de 28 de decembro que regula a IVE.

2.- Con data 4 de setembro 2015 rexistro entrada nº 1717, recíbese un recurso presentado polo concelleiro don Xabier Canabal Fernández en calidade de voceiro do grupo municipal de Veciños, contra o acordo anteriormente descrito.

3.- Nesta mesma data 4 de setembro 2015, o concello, procede coa convocatoria da correspondente sesión plenaria ordinaria a celebrar o día 09/09/2015.

FUNDAMENTOS XURIDICOS:

1. O Real Decreto 500/1990 polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais establece:

- a) No artigo 26.2 e), que se aplicarán aos créditos do presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 deste mesmo Real Decreto.
- b) Art. 602, que corresponderá ap Pleno o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación presupostaria, operacións especiais de crédito ou concesións de quita e espera.

2. Regulamento de organización, funcionamento en réxime xurídico das entidades locais establece:

- a) No artigo 173, que será necesario informe previo do secretario/a e/ou interventor/a, no seu caso, nos supostos en que así o ordena o alcalde ou cando o

solicite a terceira parte dos concelleiros coa antelación suficiente á celebración da sesión na que debe tratarse e sempre que se traten asuntos para os que se necesita maioría absoluta.

- b) No artigo 177, que para que poidan incluírse na orde do día dunha sesión, os expedientes haberán de estar en poder da secretaría 3 días antes, polo menos, do sinalado para celebrala.

3. Real Decreto 1174/1987 polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional que establece, a obriga de emitir informe nos seguintes casos:

No artigo 4 (función de control e fiscalización económico - financeiro e presupostaria): entre outros, a emisión de informes en materia económico – financeiro – presupostario que solicite o alcalde ou o terzo de concelleiros ou cando se esixa maioría absoluta.

4. A Lei 47/2003 Xeral Presupostaria que establece no seu artigo 25.1 a) que salvo o establecido por leis especiais, **prescribírán aos 4 anos**, o dereito ao recoñecemento ou liquidación de toda obriga que non se houbera solicitado coa presentación dos documentos xustificativos. O prazo contarase dende a data na que se finalizou o servizo ou a prestación ou dende o día no que o dereito se puido exercitar.

No artigo 4.1 e). establece que se someterán a estas normativa, o réxime xurídico xeral das facendas locais.

5.- Por último, débese ter en conta que o art. 211.3 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que o prazo para interpoñer o recurso de reposición polos concelleiros ou membros das corporacións locais que tivesen votado en contra do acordo contarase dende a data da sesión na que se tivese votado o acordo, polo que o referido recurso foi presentado fóra do prazo legal previsto pola lei.

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Rexeitar o recurso de reposición presentado o 4 de setembro de 2015, rexistro entrada número 1717 por don Xabier Canabal Fernández en calidade de voceiro do grupo municipal Veciñ@s, contra o acordo plenario de día 8 de xullo de 2015 polo que se aprobaron as facturas números 1102 por importe de 1.484,18 € e número 1103 por importe de 1.694,49 €, presentadas pola empresa adxudicataria do servizo de reparación, conservación e mantemento do alumeadado público, Montaxes Eléctricos Fernández.

SEGUNDO.- Comunicar este acordo aos interesados aos efectos que estimen oportunos.

9.- Rogos e preguntas

Faise entrega das respostas ás preguntas formuladas na anterior sesión plenaria:

RESPOSTAS DA ALCALDÍA

A)En relación coas preguntas formuladas polo Concelleiro Barcala Mosquera no Pleno ordinario de 8 de xullo de 2015

1.¿Quixera saber si o novo alcalde e consciente dos numerosos problemas que temos cas telecomunicacións no noso concello, basicamente cas liñas ADSL, para internet?

Como alcalde teño coñecemento directo, a través dos veciños/as dos problemas que xurden diferentes ámbitos e dos cales se lles trata de poñer solución da forma máis rápida e axeitada posible.

En relación coas liñas de ADSL, teño coñecemento das xestións realizadas para darlle solución á falta do servizo de internet en diferentes parroquias así como do aumento de ancho de banda.

Desde a Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización tecnolóxica de Galicia comunica que no concello de Boqueixón máis do 98% dos habitantes teñen acceso ó servizo de banda larga a través de redes fixas ou sen fíos.

Por outra banda á operadora obrigada a prestar conexión a internet de banda larga, Telefónica de España, SAU, remitíuselle igualmente solicitude de aumentar o ancho de banda no concello de Boqueixón.

2.¿Gustaríame saber cal é a relación de teléfonos móbiles e quen os ten asignados, e para que funcións?

A relación de teléfonos móbiles coa súa función é a seguinte:

Centralita concello	650331528
	650345409
CRA	616440471
	616440472
	649737678
	616440474
Cultura e Deportes	636731721
	638567029
Equipo de Goberno	680444383
	680438315
Protección Civil	616440465
	616440469
	616440470
Recollida de Lixo	616440468
Vías e Obras	616440473

B-En relación coas preguntas formuladas polo Concelleiro Xabier Canabal Fernández no Pleno ordinario de 8 de xullo de 2015

1. Temos constancia que actualmente os animais abandonados e accidentados se depositan no punto limpo, despois de que este concello tomara a decisión de rescindir o convenio coa Canceira de Bando, o 9 de novembro de 2011.

Neste caso quixeramos saber se isto é así, e senón é así, ¿qué se fai con eles.?

O concello asinou un contrato coa empresa “La Rosaleda La Coruña SL”, co obxecto de dar cumprimento o disposto na normativa en materia de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

Xestionase deste xeito a recollida pública, transporte e aloxamento de animais abandonados, vagabundos e dos non abandonados que sexan obxecto de malleiras, desnutrición ou perigosos para os veciños do concello.

5-En canto á Limpeza.

Neste punto quixeramos facernos eco dos problemas de limpeza existentes sobre todo no CPI, debido fundamentalmente a que hai tan só 3 operarias de limpeza para atender polo menos, 3 edificios do CPI, 2 Centros Médicos, 3 Escolas Unitarias, 15 locais sociais, 1 casa da Cultura, Centro de Interpretación do Pico Sacro, a Casa do Concello, Ximnasio e 2 Pavillóns.

Temos constancia de que os horarios das traballadoras son moi amplos, polo que solicitamos un incremento do persoal de limpeza deste concello.

Por outro lado, e coma advertencia, e como aquí nos coñecemos todos, non quixer que empregaran ningunha presión sobre as traballadoras. As queixas que temos recibido son froito do escaso persoal, e en ningún caso, de que fagan mal o seu traballo.

Actualmente as tres traballadoras do concello de Boqueixón, que realizan os traballos de limpeza dos diferentes inmobles públicos teñen unha xornada laboral de oito horas, que libremente distribúen, co obxecto de prime a flexibilidade horaria e en función das necesidades que xurdan.

1ª traballadora da limpeza:

Escola unitaria de Camporrapado
IES do Forte
Casa da cultura de Camporrapado
Centro médico do Forte
Locais sociais de Ledesma, Loureda e Gastrar.

Os locais sociais e a casa da cultura límpanse en función das actividades que se realicen e como mínimo unha vez á semana

2ª traballadora da limpeza:

Casa do concello
Ximnasio
Colexio infantil e de primaria do Forte
Local de protección civil
Local social de Codeso

O local social e o de protección civil límpanse en función das actividades que se realicen e como mínimo unha vez á semana

3ª traballadora da limpeza:

Escola unitaria de Lestedo
CRA de Lestedo
Centro médico de Lestedo
Pavillón de Lestedo
O baixo do pazo da feira en Lestedo
Locais sociais de Sergude, Vigo, Lamas e A Granxa

Os locais sociais, CRA de Lestedo e o baixo do pazo da feira límpanse en función das actividades que se realicen e como mínimo unha vez á semana.

A continuación a señora Soutullo Carolo fai os seguintes rogos e preguntas:

ROGOS

Referente ás rutas de sendeirismo:

- Que se publiciten as rutas de sendeirismo existentes.
- Que se faga un seguimento do estado dos ríos, muíños e verquidos ilegais.
- Que se arranxen as barreiras de seguridade que se atopan nestas rutas e que están deterioradas entrañando un perigo para os usuarios.

Referente aos concelleiros con dedicación exclusiva:

- Que se faga público o seu horario de atención aos veciños como se ven facendo en concellos da contorno (exemplo: Padrón).

PREGUNTAS

1- Na nosa proposta de organización municipal remitida ao señor alcalde, con data 16 de xuño de 2015, o grupo Veciñ@s solicitaba un local nas dependencias municipais para levar a cabo o seu traballo municipal.

Tendo en conta que xa pasou tempo prudencial e que o señor alcalde díxonos que trataría de concedernos dito local. ¿Pensou o señor alcalde que local se nos vai asinar?

Responde o señor alcalde que "De momento non, pero non o temos esquecido e non hai tanto tempo que tomei posesión do cargo".

Responde a señora Soutullo que é algo ao que teñen dereito.

2- Referente á violencia de xénero pola que o Grupo Veciñ@s presentou no anterior pleno unha moción:

- ¿Qué campañas de información, sensibilización e prevención se están levando a cabo dende o CIM neste ámbito?
- Poderán contactar os servizos sociais municipais coas persoas afectadas para ofertarlles o apoio necesario?

Solicito que se nos conteste antes do próximo pleno.

3- Relacionado coa moción que presenta o noso grupo sobre “accesibilidade en beirarrúas e melloras dos espazos públicos”, queremos coñecer a día de hoxe, o estado de execución no referente á limpeza dos espazos públicos municipais, parques, zonas escolares, pistas, fontes, lavadoiros, etc, xa que era un dos puntos que constaba no seu programa “crearemos un programa estruturado que garanta o adecuado mantemento e limpeza dos espazos públicos.”

E ¿para cando a limpeza das pistas forestais?, pois é outro dos seus compromisos: “realizaremos un mínimo de tres rozas anuais das pistas e rúas dos núcleos, unha roza das estradas municipais asfaltadas e unha roza cada dous anos das pistas de monte.”

Outra pregunta sobre accesibilidade: ¿Cómo vai a retirada de maceteiros das beirarrúas? e unha vez retirados ¿qué se vai facer con eles?

Agradecemos a retirada de varios destes maceteiros pero recordámoslle que o custo dos 65 maceteiros ascenden a 13.775,53 €, e as plantas, que pouco duraron neles custaron 6.232,40 €. Consideramos que este despilfarro de cartos públicos vai ser imposible recuperar, pero sendo estes de fundición, instamos a que se vendan e o acadado reverta nas arcas municipais.

¿Foi reformado o acceso á escola unitaria de Camporrapado así como o seu parque infantil?. Se non é así ¿qué prazo teñen pensado para fácelo?. Recordámoslle que as clases inicianse este xoves.

Responde o señor alcalde, que de momento só levan 3 meses e non tiveron moito tempo para adoptar medidas. Que se iniciaron os traballos de limpeza, pero que son case 200 quilómetros de pistas forestais e que agradece o traballo realizado neste senso, polos traballadores, e que neste momento estase priorizando o mantemento das escolas municipais.

En canto aos maceteiros, uns estanse retirando, outros mellorando e crearase un programa para poñelos á disposición das persoas que os soliciten.

Di a señora Soutullo, que concretamente na súa zona, a xente quedou moi contenta coa retirada dos maceteiros.

Responde o señor alcalde que o sabe, pero outras persoas si que os queren.

Segue dicindo o señor alcalde, que as obras de reforma da escola unitaria de Camporrapado xa se executaron e en canto ao parque infantil di que se poñerá en contacto coa señora Soutullo para que fagan as suxerencias pertinentes posto que espazo si que existe.

4- Solicitamos que se nos informe sobre o actual uso e dinámica dos 13 locais sociais existentes no noso concello:

- ¿Cal é o seu estado de conservación e mantemento?
- ¿Cal é o estado dos fondos bibliográficos depositados neles?
- ¿Lévase algún control deste fondo bibliográfico?

Responde o señor alcalde que o fondo bibliográfico coordinase desde o servizo de biblioteca.

5- Sobre a aplicación CITY4Boqueixón:

- ¿Cantas e qué incidencias se resolven dende a posta en funcionamento de aplicación?
- ¿Está plenamente operativa ao día de hoxe?
- ¿É eficaz e eficiente?

Responde o señor alcalde que “xa lle contestarei por escrito”.

6- Despois de deixar constancia o grupo Veciñ@s de que na actualidade os animais abandonados e accidentados se depositaban no punto limpo, tivemos coñecemento dun convenio de recollida de animais abandonados que o concello de Boqueixón asinou cunha empresa de Cambre. ¿Qué motivos levaron a contratar á dita empresa para esta función?

Responde o señor alcalde que "Non somos conscientes de que os cans se levaran ao punto limpo. O que si queremos e dar resposta a esta problemática e asinouse o convenio con esta entidade que cumpre todos os requisitos. Por outro lado, desenrolaremos un programa de voluntariado e trataremos de contactar con familias que queiran adoptar".

O señor Canabal pregunta se o refuxio de Bando é máis caro ou barato que esta empresa.

Responde o señor alcalde que Bando era máis caro, pero se atopan algún outro medio eficaz e máis vantaxoso, inmediatamente formalizaremos o cambio.

7- Sobre o xeriátrico de Codeso.

¿Existe algún tipo de convenio entre este concello e a Fundación San Rosendo?

¿Vense desfavorecidos os veciños/as de Boqueixón no momento de solicitar unha praza en dito xeriátrico?

¿Existe algunha oferta de prazas a prezo reducido para os nosos vellos ou discapacitados en dita residencia?

Estamos observando que varias familias do concello estanse vendo obrigadas a mandar os seus pai/nais ou familiares a residencias que distan moitos quilómetros do seu fogar familiar, sendo isto un desterro para os maiores ou discapacitados e un gasto non asumible para as súas familias.

Consideramos que os nosos familiares, onde mellor se atopan e na súa casa, sempre e cando existan servizos de asistencia axeitados á súas necesidades.

Pero chegada a situación de telos que ingresar nun centro xeriátrico o mellor sería que este se atopase no seu contorno ou o máis próximo a este.

Temos un xeriátrico no noso concello, que se ben é verdade que pertence a unha fundación privada tamén o é que o noso concello tivo varias prevendas para con ela, coma a cesión de terreos, facilitar os servizos de urbanización, exención de pagamento de taxas, pavimentación de aparcadoiros, accesos, colocación de alumeados, etc..., A día de hoxe aínda se atopa sen licenza.

Queremos saber se todo isto reverte en beneficios para os nosos veciños e se non é así, ¿Qué se pensa facer para que os nosos vellos ou discapacitados permanezan no seu contorno?

Pregúntalle o señor alcalde á señora Soutullo se coñece algún sitio que ocorra o contrario, porque a forma regulada para acceder a cada centro, corresponde á Xunta de Galicia. O sistema de financiamento, non corresponde ó concello.

"Intentaremos cambiar isto, pero tamén é certo que unha partida importante do presuposto municipal dedícase a Servizos Sociais".

Di a señora Soutullo que a lei si se pode intentar cambiar.

A continuación o señor Barcala fai os seguintes rogos e preguntas

PREGUNTAS

1. ¿Acabouse xa o programa de “fochancas cero”?

Porque de non ser así teño que preguntar ¿por qué non se arranxaron as beirarrúas de varias parroquias como Boqueixón (Forte), Ledesma, Camporrapado...que presentan moitas baldosas esnaquizadas, levantadas, soltas, arquetas sen selar con cemento, etc?

É máis tivemos a mala sorte de que unha persoa de idade avanzada caeu por culpa do mal estado das lousas en Camporrapado. Tamén dispoñemos de documentos gráficos que veñen a demostrar o deficiente estado das pistas e beirarrúas, en iluminación e pavimentación.

Tamén lle lembro que en Ledesma seguimos co programa “aglomerado cero”. Somos a única parroquia do concello que non ten unha cuarta de aglomerado. Grava miúda si, temos moita sen varrer por certo, co considerable perigo que supón.

Responde o señor alcalde que volverán a limpar e tamén darán outro repaso ás fochancas.

2. ¿Veremos algún día a tan esperada limpeza da ponte medieval de Ledesma? E mentres isto chega ¿poderíamos reparar o seu alumbeado público, que leva anos sen funcionar, co correspondente perigo para os numerosos transeúntes?

Responde o señor alcalde que compare a súa parroquia con outras zonas, en canto a servizos públicos, de auga, saneamento, etc....

3. ¿Qué se vai facer cos beiravías que hai nas pistas de Maravexás e Cachosenande, despois de que se aglomeraran sen darlle a anchura que tiñan co asfalto anterior? Vendo como quedaron estas pistas, e falando cos veciños dos correspondentes lugares, manifestan que da a impresión que se lle comeu o presuposto, xa que se escatimou a superficie do firme, e din que é perigoso cruzarse con outro de fronte, porque non se poden arrimar á veira.

Lembrámoslle que na exposición do proxecto facíamos mención á necesidade de que estas pistas tiveran cando menos 5 metros de ancho, pero como sempre, non se nos fai caso e o que é peor, seica non colaboramos nin facemos oposición construtiva. Vela aquí unha mostra.

Responde o señor alcalde, que tivo unha xuntanza co Conselleiro e si hai un proxecto de mellora da ponte, probablemente executarase a finais de ano. Por outro lado, os operarios municipais xa fixeron unha limpeza.

Polo demais hai que esperar a ver ese proxecto de reparación integral da ponte.

Pregunta o señor Barcala que se vai facer coas beirarrúas. Di así mesmo, que a pista ten menos ancho asfaltado e así llo comunicaron uns veciños de Lestedo mediante un escrito anónimo.

Responde o señor alcalde que a pista non ten menos ancho, pero agora si é máis visible. Segue dicindo que , en Cachosenande; poderíase facer un sendeiro ata a igrexa con material tipo zahorra. No resto, que se teñen algunha proposta, pódese valorar.

O señor Barcala di que o mellor é anhear o máis posible.

Responde o señor alcalde que para iso hai que dispoñer dos terreos.

4. ¿Cómo está o tema das deficiencias na obra de saneamento de Loureda. O 4 de marzo de 2015 o alcalde de Boqueixón e o representante da Administración Hidráulica, señores Sanjuás Mera e Juan Ignacio Niño Taboada respectivamente, asinaron a acta de recepción desta obra pese ás numerosas deficiencias, sendo a empresa adxudicataria desta obra Viaqua, por designación do presidente de Augas de Galicia?

Xa preguntamos e manifestamos as nosas queixas noutra ocasión sobre isto, pero seguimos sen resposta.

5. Identificación dos coches do concello

¿Qué pasa con este tema do cal xa levamos preguntado en numerosas ocasións? ¿Por qué non levan o anagrama do concello?

Solicito unha vez máis, que todos estean rotulados.

Responde o señor alcalde que lle parece moi boa idea, pero de momento non se puido facer porque levan pouco tempo.

6. Rusia.

¿Quén vai a estes viaxes? ¿Quén os financia? ¿Cómo se escollen os participantes? ¿Ten algo que ver o concello?

Responde o señor alcalde que o concello non ten nada que ver nesta viaxe. Só foi unha iniciativa duns rapaces.

7. ¿Por qué o CRA ten agora dous teléfonos?

Responde o señor alcalde que todas as unitarias teñen un, pero a directora solicitou outro por motivos profesionais ao propio CRA.

Segue dicindo o señor alcalde que, en xeral, todas as persoas que teñen teléfono do concello, estarían encantadas si se lles retirara.

O señor Canabal fai a seguinte pregunta:

En canto á viaxe a Rusia, se é para mozos/as, dubido que poida ir unha persoa de 45 anos.

Ademais, nun caso de concesión dun premio, aparecía un concelleiro en primeira liña, tal que parecía un premio ó PP.

Di o señor alcalde que é un proxecto europeo que non está vinculado co PP.

Responde o señor Canabal que investigará si o señor alcalde minte ou non.

O señor alcalde dille que debería antes de dicir algo, ler a orde, e segue dicindo o señor alcalde que non é un proxecto de carácter municipal.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace
O alcalde